

BACHELARATO | Guía de visita para o profesorado



CASA DE ROSALÍA

ENTRADA da Casa

- ▶ Recordamos que é un museo onde non podemos tocar os obxectos e que debemos silenciar os móbiles para non molestar o resto de visitantes.
- ▶ Analizamos o logotipo da casa de Rosalía consistente na flor que garda no seu centro o G de Galicia que nos representa a todos os galegos.
- ▶ Observamos as dúas imaxes máis coñecidas de Rosalía.

Esta guía está elaborada por Pilar Ponte (A Profa) e nela indícanse aqueles elementos que se poderían comentar co alumnado desta franxa de idade.



De esquerda a dereita

- Fotografía de Rosalía por Luis Sellier
- Debuxo de Rosalía por Antonio Portela
- Símbolo da casa de Rosalía, de Pepe Barro

SALA 1 – Unha casa para ela. A institución

- ▶ Rosalía non tiña casa de seu, esta foi a casa na que pasou os seus últimos anos e o pobo galego fíxose con esta casa para ela.
- ▶ Na parede de fronte podemos ver unha imaxe da misa de Rosalía de Castro, un fito naquel momento porque era o único acto litúrxico que se podía oficiar en galego. Ao seu redor xuntábase a resistencia política e cultural que había en Galicia naquel momento. Ten habido cargas policiais.
- ▶ A comezos dos anos 70 mediante un proceso de cuestación popular, semellante a un *crowdfunding* de hoxe, xuntáronse os cartos para converter a edificación que estaba nun estado deplorable na casa-museo de Rosalía. Participou xente a título individual, asociacións, equipos de fútbol... tanto de Galicia como da emigración.
- ▶ A parede da entrada está dedicada a dúas persoas de enorme importancia para a casa:
 - ▶ **Filgueira Valverde**, o autor ao que se lle dedicou o Día das Letras do pasado 2015 polo seu traballo divulgativo a prol da lingua e da cultura galega, foi o responsable do proxecto museolóxico da Casa-Museo.
 - ▶ **Maruxa Villanueva**, actriz e cantante galega, foi unha figura clave para a supervivencia do teatro galego contemporáneo. Durante máis de 25 anos foi a coidadora da casa ata o seu pasamento. Podemos ver o pano que ela utilizou en Bos Aires para a estrea de *Os vellos non deben de namorarse de Castelao*, deseñado polo propio autor.



Fotografía do acto da Inauguración da Casa de Rosalía.
Xosé Castro, 15 de xullo de 1971

SALA 2 – Quen é Rosalía. A súa vida

- ▶ De fronte podemos observar o retrato ao óleo de **Modesto Brocos**, o único para o que posa en vida e que nos amosa unha muller seria, segura e serena que nese ano 1880 publica Follas Novas.
- ▶ Na parede da entrada, á esquerda, podemos ver as casas nas que viviu Rosalía. Na de Santiago está hoxe o Instituto da Lingua Galega.
- ▶ Sobre a mesa podemos ver un retrato da nai de Rosalía e a continuación os diferentes retratos da escritora.



Fotografía de Rosalía,
por María Cardarely




Retrato ao óleo de Rosalía,
por Modesto Brocos

SALA 3 – A Rosa de cen follas. A súa obra

▶ *Cantares Gallegos*

- ▶ Publicado en 1863, é o primeiro libro integramente en galego que marca o inicio do **Rexurdimento**. Asociado á lírica e á cultura popular, Rosalía desenvolve toda unha defensa da dignidade de Galicia.
- ▶ Entrando á dereita podemos ver un exemplar único dunha primeira edición que inclúe unha fotografía orixinal da autora e un autógrafo cos dezaseis primeiros versos do poema inicial desta obra asinado pola autora. https://youtu.be/UjL_JqHGqvU
- ▶ A “Alborada” de Rosalía é un poema simbólico que aparece case ao final de *Cantares Gallegos* e que se pode considerar o segundo himno de Galicia. Tal é así que o Parlamento Galego honra a Rosalía no seu día coa interpretación desta peza por un gaiteiro.
- ▶ A “Alborada” de Mercadillo (o nome do tenor que a interpreta), gravada nos anos 20 do pasado século, é unha das primeiras gravacións musicais en galego.



Páxina manuscrita por Rosalía co comezo de *Cantares gallegos*

[Segue a Sala 3 – A Rosa de cen follas. A súa obra]

▶ *Follas novas*

- ▶ Publicado en 1880, este poemario é considerado a obra cumio da autora.
- ▶ Rosalía é a autora máis musicada da literatura galega e dentro da súa obra, “Negra sombra” é a composición máis famosa.
- ▶ A obra de Rosalía na música galega. Na mesa de luz poderemos escoitar e ver exemplos de como Rosalía foi musicada dende todos os estilos musicais.

▶ Resto da sala


- ▶ Obra en prosa.
La hija del mar.
El caballero de las botas azules.
El primer loco.
- ▶ Obra poética en castelán.
La flor.
A mi madre.
En las orillas del Sar.



Capa da primeira edición de *Follas Novas*

SALA 4 – A cociña tradicional

- ▶ Ensinámoslles os elementos da cociña tradicional que podemos atopar: a lareira, o forno, o pote, a gramalleira, a filloeira, a artesa, a sella...
- ▶ A obra de Rosalía reflicte toda a nosa cultura e a dignifica e dentro dela reivindicou a nosa gastronomía como unha forma de cultura moi relevante como podemos observar no poema “Miña casiña, meu lar”.
- ▶ Rosalía constrúe unha épica dos humildes, a épica de tantas e tantas mulleres que non só con practicamente nada conseguiron alimentarse e alimentarnos senón tamén facernos a todos felices, por iso o Día de Rosalía comemos na súa honra o Caldo de Gloria.



Unha das vistas da cociña da Casa de Rosalía

SALA 5 – Unha factoría cultural. A súa familia

Estudamos o retrato familiar.

- ▶ Cal é a personaxe central?
- ▶ En que podemos apreciar o carácter cariñoso de Rosalía? Que ten no colo Rosalía?
- ▶ **Manuel Murguía**
 - ▶ O labor de Murguía como xornalista, escritor, historiador e polígrafo. Participou na creación da Real Academia Galega en 1906 e foi o seu presidente ata a súa morte.
 - ▶ Podemos dicir que esta familia era unha factoría cultural porque nela se reúnen dous dos principais protagonistas intelectuais da época, Murguía e Rosalía, e ademais os seus fillos teñen formación artística (**Alexandra** e **Ovidio** son pintores).
 - ▶ Lembremos a traxedia de Rosalía ter perdido dous fillos en menos dun ano, un por accidente ao ano e medio de nacer e outra, **Valentina**, por ter nacido morta.
 - ▶ A familia de Rosalía non terá descendencia



Manuel Murguía

SALA 6 – Muller mito. O cuarto do seu pasamento

- ▶ O cuarto no que que morre Rosalía, moi nova con só 48 anos. No leito, a flor sempre presente.
- ▶ As súas palabras, segundo testemuño da súa filla Gala, foron: “Abride a fiestra, que quero ver o mar”, daquela dende alí víase a vela dos galeóns subindo a Cesures, como unha bolboreta sobre o millo. Ese abrir a ventá real de Rosalía quedou para a nosa tradición literaria como a abertura ao todo o que deba vir desexable, de xeito que en moitas ocasións é homenaxe abrírlle a ventá á igualdade, á sororidade, á liberdade, etc.
- ▶ Para mitómanos, no toucador, un cabelo, unha flor do ramo mortuorio e un anaco da mortalla.



Guecho do cabelo de Rosalía,
e á dereita, a súa cama



[Segue a Sala – Muller mito. O cuarto do seu pasamento]

- ▶ O cadro que lle fai o seu fillo cando ela morre, **Ovidio** só tiña daquela 14 anos.
- ▶ Na parede da esquerda, unhas cantas mostras de como se foi creando o mito ao longo do tempo.
 - ▶ Día das Letras Galegas
 - ▶ Monumentos na súa honra
 - ▶ Billete de 500 pesetas
 - ▶ Tradución da súa obra a múltiples idiomas.
 - ▶ Poetas que lle dedicaron textos (Curros, García Lorca, Luís Pimentel, Xohana Torres na sala)
 - ▶ Músicos que a homenaxearon.
 - ▶ O avión da compañía norueguesa.
 - ▶ Hoxe leva o seu nome tamén o aeroporto de Lavacolla.
 - ▶ Lembraremos que é tal a presenza de Rosalía que non hai cidade nin vila galega que non lle teña o nome de Rosalía a algunha das súas avenidas ou rúas e tamén acontece no resto de cidades españolas.



Rosalía morta, retratada polo seu fillo Ovidio e avión da compañía Norwegian



SALA 7 – No meu gran salón. A condición de muller

Pezas que teñen que ver con Rosalía:

- ▶ O tresillo familiar que estaba na Coruña
- ▶ O piano familiar que Gala lle dera á Coral Polifónica da Coruña e que esta lle cedeu á Casa Museo.
- ▶ O cadro grande de Ovidio Murguía restaurado polo Museo de Belas Artes da Coruña.
- ▶ O vestido de Carme Pichel realizado a partir dunha fotografía.
- ▶ Son todos eles elementos que nos teñen que levar a imaxinar a vida dos intelectuais da época, e de como ese salón ao mesmo tempo era unha prisión para Rosalía que se quería libre para andar por onde a súa alma a quixese levar.
- ▶ O vídeo contén imaxes de mulleres cedidas polo Museo de Pontevedra e o Museo de Laxe que son posteriores no tempo a Rosalía pero nos serven para ilustrar o carácter feminista da sala. No audio escoitamos unha selección de fragmentos en galego e castelán da súa obra que falan da dimensión feminista dunha Rosalía que reivindicaba a igualdade da muller en xeral e a igualdade da muller escritora. Valoraremos eses audios na vixencia que seguen a ter hoxe máis tamén pensando no revolucionario do pensamento da nosa autora naquela altura.



Sala co tresillo familiar,
o vestido de Carme Pichel
e o piano

SALA 8 – Os pais do país. Política e cultura

- ▶ Vemos a Rosalía e a Murguía como os pais do país nun momento determinado onde ela como escritora e el como historiador e intelectual unían os valores de pobo, identidade e reivindicación.
- ▶ A bandeira que podemos ver é a que luciu en Padrón durante o franquismo, a bandeira de Camilo Agrasar coa que envolveu a estatua de Rosalía de Castro no ano 1957 cando foi inaugurada. Ese foi un dos grandes actos públicos, masivos, en Galicia no que o galego foi a gran bandeira nun acto practicamente antifranquista.
- ▶ Nas pantallas vemos as imaxes dos nenos do colexio Rosalía de Castro de Padrón pintando a bandeira, a rosa, a homenaxe en 1937 en Bos Aires nun centenario de Rosalía que en España non se puido celebrar. A bandeira galega xorde en 1891 ligada á figura de Rosalía de Castro xa que é nese ano, no traslado dos restos da escritora de Adina ao Panteón de Galegos Ilustres onde se rexistra por primeira vez o seu uso. A bandeira fora deseñada un ano antes polo movemento rexionalista encabezado por Manuel Murguía.
- ▶ E así, coa bandeira de todos remata a visita á Casa de Rosalía, a casa de todas as galegas e galegos.



Os bustos de Murguía e Rosalía e no medio a bandeira de Camilo Agrasar, a bandeira de Rosalía

O exterior da casa

No exterior aínda teremos ocasión de gozar dos xardíns e nos achegar ao Loureiro dos Poetas, á figueira de Rosalía, á Camelia híbrida Rosalía de Castro, ao carballo de Gernika e ao maxestoso ombú.



O xardín da Casa de Rosalía



CASA DE ROSALÍA

rosalia.gal

A Matanza, s/n
Padrón

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

APOIA:



Deputación
DA CORUÑA